

Canción de solpor



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2017.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Irmás Cartoné, 2018

Título orixinal: *Sunset Song*

Tradución: Celia Recarey Rendo

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-948421-0-8

Dep. Legal: C 1640-2018



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

LEWIS GRASSIC GIBBON

Canción de solpor

Traducción de Celia Recarey Rendo



Para Jean Baxter

O PRELUDIO

PRELUDIO

O campo sen arar

As terras de Kinraddie foran gañadas por un fillo de Normandía, Cospatric de Gondeshil, nos días de Guillerme o León, cando grifóns e bestas semellantes aínda percorrían os campos dos escoceses e as xentes acordaban nas súas camas cos berros dos meniños cando unha gran besta alobada entraba pola fiestra e lles esgazaba a gorxa. No Tobo de Kinraddie tiña a súa gorida unha destas bestas e de día andaba polo monte e espallaba o seu horrible fedor polos campos todos, e á tardiña podían ver os pastores coas súas enormes ás medio pregadas sobre o gran bandullo e a cabeza, coma a dun galo enorme pero coas orellas dun león, a asomar por riba dunha figueira, á espreita. E comía ovelhas, homes e mulleres, e metía moito medo, e El-Rei mandoulles aos seus heraldos pregoar unha recompensa para o cabaleiro que lle puxese fin ás falcatrúas da besta. Así que Cospatric, o fillo de Normandía, que era novo e non tiña terras, e era valente e tiña unha boa armadura, montou no seu cabalo na vila de Edimburgo e veu para o norte desde as estrañas terras do sur, atravesando o bosque de Fife, percorrendo as veigas de Forfar e pasando a Gran Pedra de Aberlemno, que foi levantada cando os pictos venceron os daneses; e onda ela parou e contemplou as figuras, relucentes daquela e aínda hoxe apenas gastas, dos cabalos e da batalla, e da derrota daquel rudo pobo estranxeiro. E se cadra rezou un bocado onda a Pedra e despois entrou nos Mearns, e

a historia non di máis do seu cabalgar ca que por fin chegou a Kinraddie, un lugar atormentado, e lle dixeron onde durmía o grifón, alá abaixo, no Tobo de Kinraddie.

Pero polo día agochábase no bosque e só pola noite, por un carreiro entre os bidueiros, se podía dar con el, anicado sobre unha morea de ósos, na súa gorida. E Cospatric agardou a que viñese a noite e cabalgou até a estrema do Tobo de Kinraddie e encomendoulle a súa alma a Deus e baixou do cabalo, colleu na man a súa lanza de cazar xabaríns, baixou ao Tobo e matou o grifón. E mandoulle recado a Guillerme o León, que estaba na vila de Edimburgo, a beber viño e aloumiñar as súas garridas amasias, e Guillerme nomeouno Cabaleiro de Kinraddie e entregoulle toda a grande parroquia como dominio e deixoulle construír un castelo nela, lucir unha cabeza de grifón como escudo de armas e someter a todas as bestas e xentes rudas e insurrectas, a el e a toda a súa descendencia por sempre xamais.

E Cospatric mandoulles aos pictos que lle construísen alí un rexo castelo, ao abeiro das montañas, cos ermos e escuros montes Grampianos detrás, e mandou drenar o Tobo e casou cunha dama picta e tivo fillos con ela e viviu alí até que morreu. E o seu fillo adoptou o nome de Kinraddie e un día mirou desde a muralla do castelo e viu que viña o Conde Mariscal desde o sur para unirse aos homes das Terras Altas na batalla que se librou en Mondynes, onde agora se atopa o muíño; e xuntou os seus homes e loitou alí, pero non se sabe en que bando, mais se cadra foi no gañador, pois son xente xusta e sagaz, os Kinraddie. E o bisneto de Cospatric uniuse aos ingleses contra Wallace o foraxido, e cando Wallace subiu desde as terras do sur, Kinraddie e outros nobres daquel tempo metéronse no castelo de Dunnottar, que se alza sobre o mar alén Kinneff, un castelo forte e ben construído, co mar a bater arredor del cando enche a marea e as gaiivotas a grillaren buliciosamente día e noite. E levaron canda eles moita

Canción de solpor

fariña, carne e armas, e fixéronse fortes alí dentro, eles e mais os seus servos, e arrasaron os Mearns todos para que o foraxido que ousara rebelarse contra o nobre rei inglés non atopase provisións para o seu exército de homes bastos e sen terras. Pero Wallace atravesou o val rapidamente e soubo de Dunnottar e asediouno, pero era un lugar ben forte e el tiña pouca paciencia cos lugares fortes. Así que un día, con noite ben pecha, cando o trono do mar afogaba o balbordo da súa manobra, gabeou polas rochas de Dunnottar e franqueou a muralla, el e mais os escoceses vadíos, e tomaron Dunnottar e déronlles morte aos nobres que alí se xuntaran, e mais a todos os ingleses, e sacáronlles a carne e as armas todas e marcharon.

Aquel ano, no castelo de Kinraddie, non había, segundo din, máis que unha moza nova na casa e non tiña descendencia, e pasaron os meses e foi a cabalo até a abadía de Aberbrothock, onde o bo do abade, John, era seu primo e contoulle a súa coita de como a liñaxe de Kinraddie podía morrer. Así que el xaceu con ela, en setembro, e ao ano seguinte naceulle un meniño á moza e despois diso os Kinraddie non volveron facer caso de guerras nin desavinzas, senón que as pasaron ben asentados no seu castelo, ao abeiro das montañas, coas súas armas e as súas garridas mozas, amasias e servos libres para servilos.

E cando veu a Primeira Reforma, e mais outras atrás dela, e algunha xente berrou *Whiggam!* e outra xente berrou *Roma!* e outra máis *El-Rei!*, os Kinraddie deixáronas pasar calados, decentes e pacíficos no seu castelo, e nunca deron un pataco po-

* N. da T.: Abreviación de *Whiggamore*, termo empregado para referirse aos presbiterianos escoceses radicais que participaron no que se coñeceu como a Incursión Whiggamore en 1648, na que unha facción dos «pactantes» —membros do movemento presbiteriano escocés— marchou sobre Edimburgo, expulsou os partidarios do rei Carlos I de Inglaterra e lle entregou o poder ao marqués de Argyll. O termo abreviouse primeiro como *whiggam* e posteriormente como *whig*.

las leas da xente, pois as guerras son cousa perigosa. Pero entón chegou o Guillerme holandés, elemento ao que certamente ningún había mover, e os Kinraddie puxéronse de vez a favor do Pacto*, si, levaban o Pacto de Deus no corazón, dicían. Así que construíron unha igrexa nova no lugar onde noutrora estaba a capela, e construíron unha reitoral a carón, alí, ao abeiro dos teixos, onde o foraxido Wallace se agochara cando os ingleses o obrigaran a fuxir. E un Kinraddie, John Kinraddie, foi ao sur e converteuse nun gran home na corte de Londres, e foi amigo dos persoeiros Johnson e James Boswell", e dunha volta, eles dous, John Kinraddie e mais James Boswell, viñeron aos Mearns nunha ociosa misión e dedicáronse a beber viño e a falaren basto até a madrugada noite tras noite até que o vello señor se fartaba deles e entón retirábanse e, como James Boswell puxo no seu diario: *Entramos no faiado onde dormen as doncelas e había unha tal Περγί Δυνδας, δε νάδεγας βεν γορδας, ε δειτειμε κον ελα.*

Pero os primeiros días do século dezanove foron malos tempos para a nobreza escocesa, pois o veneno da Revolución Francesa chegou de alén mar e os pequenos campesiños e outras xentes do común erguéronse e berraron *Ao inferno!* cando a Vella Igrexa predicou submisión desde os seus púlpitos. Até Kinraddie subiu o veneno, e o xuvenil señor que había naquel tempo, o Kenneth era, declarouse xacobino e uniuse ao Club Xacobino de Aberdeen e alí en Aberdeen houbo ser morto nas revoltas pola liberdade, a igualdade e a fraternidade que proclamaba. E levárono de volta para Kinraddie eivado, pero aínda teimaba en que todos os homes eran libres e iguais, e deulle por vender o

* N. da T.: Refírese ao pacto ou alianza que en 1558 asinaron os colectivos reformados —puritanos e presbiterianos— de Escocia para defender a súa confesión fronte ao catolicismo.

** N. da T.: Samuel Johnson (1709-1784) foi un recoñecido poeta, ensaísta, lexicógrafo e crítico literario. James Boswell (1740-1795) foi biógrafo de Johnson. No seu diario persoal de 1776 referénciase o encontro cunha prostituta chamada Peggy Dundas en Edimburgo.

Canción de solpor

castelo e mandar o diñeiro para Francia, pois tiña moi bo corazón. E os campesiños marcharon sobre o castelo de Kinraddie en masa e escacháronlle as fiestras todas, pois pensaban que a igualdade debía empezar pola casa.

Máis da metade da facenda fórbase nestas e noutras lilainas mentres o eivado lía os seus condenados libros franceses, pero iso ninguén o imaxinaba até que morreu e a súa viúva, pobre muller, se viu sen máis que a terra que quedaba entre os crebados montes Grampianos e as granxas que ficaban a carón da ponte sobre o Denburn, a ambos os lados da estrada que saía de Kinraddie. Habería quizais uns vinte ou trinta eidos en total, e os campesiños eran xente teimuda de anterga raizame picta, non tiñan historia, pois eran xentes do común, e mal construían os seus cacharufos en grupos que partían o lombo nos longos e empinados campos. Os contratos eran por un ano ou dous, e traballábase desde que raiaba o día en que lle poñían a un os primeiros pantalóns até o esmorecer da noite en que o amortallaban, e os condenados dos fidalgos sentaban e comíanlle a un as rendas, pero un valía tanto coma eles. Así lle deixou as cousas Kenneth á súa muller, e amargamente chorou ela vendo ao que chegaran, pero remontaron antes de que a ela lle atasen a queixada cun pano e a metesen na cripta de Kinraddie a carón do seu home. Tres dos seus fillos afogaran no mar, pescando fronte aos outeiros de Bervie, pero o cuarto, o mozo Cospatric, o que morreu o mesmo día que a Raíña Vella*, era home íntegro, aforrador e sensato, e decidiu endereitar o herdo. Botou fóra a metade dos caseiros pequenos, que marcharon para Canadá e para Dundee e sitios así; os outros tivo que botalos amodo. Pero na terra libre mandou construír alpendres máis grandes e arrendounos por rendas máis altas e períodos máis longos; dicía que chegaran os días das grandes granxas. E mandou plantar bosques de abetos, de alerces e de

* N. da T.: Refírese á raíña Vitoria, falecida o 22 de xaneiro de 1901.

piñeiros para protexer as longas e ermas pendentes, e ben podería ter recuperado a fortuna dos Kinraddie se non fose porque casou cunha rapariga de Morton que tiña sangue negro, que o engaiolou e o levou á bebida e á morte, que aínda lle foi a mellor saída, pois o seu fillo era tolo de vez, e acabárono metendo nun manicomio, e ese foi o fin da familia Kinraddie. A Casa Grande que se alzaba onde os pictos construíran o castelo de Cospatric esfarelouse coma un queixo, agás por tres ou catro cuartos que os legatarios conservaban como oficina; para entón, a facenda estaba hipotecada até as orellas.

Así, cando chegou o inverno de mil novecentos once, non quedaban na herdade de Kinraddie máis de nove casais, sendo o Casarío da Casa Grande o maior deles, pois fora a granxa do Castelo nos tempos de ben atrás. Unha criatura irlandesa, de nome Erbert Ellison, leváballes o lugar aos legatarios, segundo dicía, pero se se han de crer todas as historias que se oían, metía unha boa morea de cartos máis na súa faldriqueira ca na deles. E era de esperar, pois algún día non fora máis que un camareiro de Dublín, segundo dicían. Iso fora nos tempos de antes de que lord Kinraddie, o tolo, quedase aloulado de todo. Estaba o lord Kinraddie en Dublín, nalgunha esmorga, e Ellison servíralle o *whisky*, e había quen dicía que compartira cama con el. Pero a xente di moitas cousas. Así que o pailaroco del levou a Ellison consigo para Kinraddie de criado e, por veces, cando estaba moi bébedo e as fadas asomaban os focíños polas botellas de *whisky*, arreboláballe unha botella a Ellison e bradaba *Sae de aí, farrapo vello!* tan alto que o oían dende a Reitoral e ofendía abondo á muller do ministro. E o vello Greig, que fora o último ministro que houbera alí, miraba para a casa de Kinraddie botando chispas polos ollos, coma John Knox en Holyrood*, e dicía

* N. da T.: John Knox (ca. 1512-1572), foi un clérigo e teólogo escocés, fundador da Igrexa Presbiteriana de Escocia en 1559. O texto alude ás prédicas

Canción de solpor

que algún día chegaría a hora do Señor. E certa coma a morte chegou, e alá levaron o aloulado para o manicomio, cunha touca de enfermeira na cabeza, e sacou a cabeza pola traseira do carro e díxolles *Quiquiriqui!* a uns rapaces da escola ao pasar pola estrada e os pícaros foron a correr para a casa todos asustados.

Pero Ellison aprendera ben a levar a granxa e a vender gando, e sobre todo a comprar cabalos, así que os legatarios fixérono capataz do Casarío e el mudouse á casa do Casarío e púxose a buscar muller. Algunhas non querían nada con el, un malpocado irlandés que non sabía falar ao xeito e non pertencía á Igrexa, pero Ella White non era tan requisiteira e xa lle ía pasando o sol pola porta. Así que cando Ellison foi falar con ela no baile da colleita de Auchinblae e lle dixo *Pódote acompañar á casa esta noite, qu'ridiña?*, ela díxolle: *Podes, ho*. E de camiño á casa deitáronse entre as gavelas e se cadra Ellison fixo isto ou aquilo para asegurarse de conseguila, pois daquela xa andaba desesperado abondo por unha muller. Casaron o día de Aninovo seguinte e Ellison xa se se tiña por un home importante en Kinraddie, e se cadra até da nobreza. Pero aos caseteiros solteiros, aos labregos e aos xornaleiros do Casarío non lles interesaban os nobres máis que para facer burla deles e na véspera da voda collérono cando ía entrar na casa e sacáronlle os calzóns e embreáronlle o censo e mais as plantas dos pés e pegáronlle plumas neles e despois enzoufárono de terra como era costume. E el chamounos *Malditos salvaxes escoceses* e anoxouse moitísimo e ao rematar a temporada botounos a todos, a toda a recua deles, de tanto como se ofendera.

Pero despois diso foille ben abondo a el e mais á muller, Ella White, e tiveron unha filla, unha cativa enxoiña de todo que lles parecía demasiado boa para ir á escola de Auchinblae e alá

que Knox en 1560, nunha Escocia que se debatía entre o catolicismo e o protestantismo, dirixiu contra a raíña María Estuardo na capela do palacio real de Holyrood, en Edimburgo, por escoitar misa, bailar e ser ostentosa no vestir.

a mandaron á Academia de Stonehaven, e ensináronlle a ser ben fina e a bambearse polo ximnasio adiante cunhas ciroliñas negras por debaixo da saia. Ellison comezou a botar unha boa barriga e tiña a cara encarnada, grande e mol, e ollos coma os dun gato, verdes, e un mostacho que lle caía a cada lado dunha boca bastante grande que estaba ategida de dentes falsos, carísimos e bonitísimos, recubertos de anaquiños de ouro. E vestía pantalóns e calzóns de montar, pois para entón xa era ben fidalgo, e cando batía con algún amigo no mercado, berraba *Vaites, ho, velai estás, meu vello!* e o mozo poñíase colorado, cheo de vergoña, pero non se atrevía a dicirlle nada porque ninguén quería ofender aquel home. Canto á política, dicía que era conservador, pero todo o mundo en Kinraddie sabía que iso quería dicir que era *tory* e a rapazada de Strachan, o que traballaba a penela de Peesie, berraba:

*Cacanegra, tes azul o naris
es feo coma a vaca de Turriff!*

cada vez que vía pasar a Ellison. Pois mandáralle un donativo ao fulano de Turriff ao que lle venderan a vaca para pagar os seguros e a xente dicía que aquilo todo, o fulano da vaca e mais Ellison, era un espectáculo, e ríanse del ás súas costas.

E ese era o Casarío, do lado de baixo da Casa Grande, e Ellison traballaba a granxa ao seu xeito irlandés, e xusto en fronte, agochadas entre os seus teixos, estaban a igrexa e mais a reitoral; a igrexa era un lugar vello, cheo de correntes, e no inverno, no

* A vaca de Turriff era unha vaca leiteira que lle foi requisada a un granxeiro de Turriff (Aberdeenshire) por negarse a pagar os seguros dos seus traballadores segundo mandaba unha lei ditada en 1911 polo goberno liberal da época, sendo ministro de Facenda David Lloyd George. A vaca foi sometida a poxa pública e posteriormente comprada por amizades e veciños do granxeiro e devolta a este con gran cerimonia.

Canción de solpor

medio e medio do Noso Pai se cadra, podíase oír un rauto de toses capaces de levantaren o tellado, e a señorita Sarah Sinclair, que viñera do Coto de Baixo e tocaba o órgano, esbirraba enriba do seu libro de himnos e perdía o fío da melodía e o ministro, que era o vello daquela, fitábaa furioso, imitándose a John Knox máis ca nunca. Ao lado da igrexa había unha torre antiga, construída no tempo dos católicos romanos, aquelas criaturas bastas, e estaba toda vella e xa non a usaba ninguén máis que as torcazas, que entraban e saían polas estreitas aberturas do andar superior e aniñaban alí todo o ano, e o lugar estaba todo branco do seu esterco. Na metade inferior da torre había unha efíxie de Cospatrick de Gondeshil, o que matou o grifón, deitado sobre as costas cos brazos cruzados e cun sorriso medio apampado na cara; e a lanza coa que matou o grifón estaba alí gardada nunha hucha, ou iso dicían algúns, pero outros dicían que non era máis que un fouciño vello dos tempos do príncipe Carliños o Guapo*. Esa era a torre, pero en realidade non era parte da igrexa, a igrexa de verdade estaba dividida en dúas partes: a nave grande e a nave cativa, e había quen lles chamaba a corte e o canastro, e o púlpito quedaba no medio. Noutroira a nave pequena fora para a xente da Casa Grande e os seus convidados e fidalgos semellantes, pero agora case todo o mundo que tiña cara abonda pasaba e sentaba alí, e os vellos sentaban onda as bolsas da colecta e onda Murray o novo, o que lle sopraba o órgano a Sarah Sinclair. Tiña unhas vidreiras fermosas, vellísimas, a nave pequena, cun motivo de tres raparigas guapas, non moi decentes para estar nunha igrexa. Unha das raparigas era a Fe, e abofé que que parecía unha rapazola un chisco aloulada, pois tiña os brazos levantados e os ollos coma os dunha xovenca cun nabo atravesado na gorxa, e a manta

* N. da T.: Carlos Eduardo Estuardo (1720-1788), pretendente xacobita ao trono de Inglaterra e Escocia e máis Irlanda. En 1745 liderou un levantamento para facerse coa coroa que rematou coa súa derrota na Batalla de Culloden en 1746.

que levaba aos ombreiros estáballe a caer pero ela non parecía decatarse, e había unha morea de pergamiños e chilindradas arredor dela. A segunda rapaza era a Esperanza, e era case igual de rara que a Fe, pero tiña un cabelo ben bonito, roxo, aínda que igual se podía dicir cor caoba, e de inverno a luz da liturxia matinal derramábase por entre os teixos do adro e entraba na nave pequena a través do cabelo roxo da Esperanza. E a terceira rapariga era a Caridade, cunha chea de pícaros en coiro aos seus pés, e parecía unha muller boa e decente, mesmo ensarillada naqueles trapos sen xeito.

Pero as fiestras da nave principal, aínda que estaban coloreadas, nunca tiveron debuxo ningún, e non había cadro ningún na nave, quen os quería? Só criaturas bastas coma os católicos podían querer que unha igrexa parecese o calendario dun ultramarinos. Así, era un lugar decente e austero, cos seus vellos asentos de madeira tallada, algúns con coxín e outros sen el; se un non era acolchado por natureza e tiña prata para gastar podía acolchar o asento ao seu antollo. Xusto ao socairo do púlpito, de través con respecto ao resto da igrexa, había tres asentos nos que sentaba o coro que guiaba o canto dos himnos, e había quen lle chamaba o cortello dos xatos.

A porta de atrás, a que quedaba detrás do púlpito, atravesaba o adro até a Reitoral e os seus apendres, levantados no tempo da Raíña Vella, e eran ben bonitos de ver, pero cunha humidade horrible, segundo dicían todas as mulleres dos ministros. Pero as mulleres dos ministros sempre son xente de moito queixarse e non saben o ben que viven, elas e a prata que gañan os seus homiños por predicaren unha ou dúas veces aos domingos, e son tan orgullosas que case non coñecen a xente cando baten con ela no camiño. O despacho do crego estaba no andar de riba e desde el víase todo Kinraddie; á noite podíanse ver desde alí as luces das granxas, coma salpicaduras de area brillante debaixo da

Canción de solpor

fiestra, e a luz do mastro da bandeira ben alta entre as estrelas, sobre o tellado da Casa Grande. Pero aquel decembro de mil novecentos once a Reitoral estaba baldeira e baldeira levaba moitos meses, pois o ministro vello morrera e aínda non se votara para escoller un novo; e os ministros de Drumlithie, de Arbuthnott e de Laurencekirk remudábanse os domingos pola mañá para oficiaren alí en Kinraddie; e ben sabe Deus que para o que tiñan que dicir ben podían quedar na casa.

Pero en saíndo da igrexa pola porta principal e andando un anaco polo camiño do leste, que era o camiño que lle daba servizo á igrexa, á Reitoral e mais ao Casarío, chegábase á estrada principal. Ía de norte a sur, pero xusto en fronte do camiño polo que se viña de baixar había outro que atravesaba Kinraddie pola granxa do Cabo da Ponte. Así que había unha encrucillada alí e, se se seguía pola esquerda, pola estrada principal, chegábase á Penela de Peesie, un dos lugares vellos, un eido de pouco máis de trinta ou corenta acres con algo de terra xebre a pasto, pero ben sabe Deus que pouco pasto tiña, non era máis que unha zaragallada de toxos, xestas e terra, chea de coellos e lebres que saían á noite e lle rillaban a un as colleitas e o poñían tolo. Pero non todo o outeiro era terra mala, había nel a suor de dous mil anos e a leira grande de detrás da casa e dos alpendres era de terra negra, non da arxila roxa que había no subsolo de medio Kinraddie.

Os edificios do eido de Peesie non tiñan máis de vinte anos, pero así e todo eran moi laidos, pois aínda que a casa daba ao camiño —e iso era ben práctico, se a un non lle molestaba non poder nin cambiar a chombra sen que calquera pailaroco axexase—, xusto entre a corte das vacas, a cabalariza e o pallal dun lado e a casa do outro, estaba o curral, e xusto no medio deste estaba a esterqueira, ben alta e marela polo esterco, a palla e o xurro, e a señora Strachan nunca lle perdoou á Penela de Peesie aquel

fedor horrible que tiña. Pero Chae Strachan, o caseiro do lugar, limitábase a dicir *Vaites, ho que mal ten ese cheiriño?* e poñíase a falar dos terribles cheiros que ulira cando estivera no estranxeiro. Pois fora un mozo ben viaxeiro, o Chae, antes de volver para Escocia e de que lle pagaran a última paga no Coto de Baixo. Estivera en Alaska, buscando ouro, pero maldito ouro vira, así que foi de labrego para California até que quedou tan farto de froita que nunca máis volveu mirar para unha laranxa ou para unha pera, nin sequera en lata. E despois fora para Sudáfrica e aló pasárao moi ben e fixérase moi amigo do xefe dunha tribo de negros, pero un home moi decente así e todo. El e mais Chae loitaran contra os bóers e mais contra os británicos, e bateran ben neles, ou iso dicía Chae, pero a xente a quen non lle caía ben Chae dicía que nunca loitara máis que coa lingua e canto a bater, que traballo lle había custar bater a tona dunha cunca de leite acedo.

Pois o Chae non lles caía moi ben a quen se querían contar entre a fidalguía porque era socialista e cría que todos debemos ter a mesma cantidade de prata e que non debería haber ricos e pobres, e que todas as persoas valen o mesmo. E iso da prata era unha pailarocada completa, por suposto, porque se un día todos tivésemos o mesmo diñeiro, que pasaría ao seguinte? Volvería haber ricos e pobres! Pero Chae dicía que os catro cregos de Kinraddie, Auchinblae, Laurencekirk e Drumlithie gañaran todos o mesmo diñeiro o ano pasado, e que tiñan este ano? O mesmo diñeiro! *Moi espelido te tes que erguer pola mañá para veres trabucarse a un socialista e como te me poñas impertinente, douche unha calugada, meu homiño.* Así que a Chae dáselle moi ben a porfia e non era home de liortas, agás cando o provocaban, polo que caía ben, aínda que a xente se ría del. Pero sabe Deus de quen non se ri. Era un home guapo, ben irto, con grandes ombreiros e o cabelo claro e fino, e tiña a fronte ampla e un nariz afiado coma unha rella e revirichaba as puntas do mostacho cara arriba

Canción de solpor

con cera coma o tal káiser alemán, e era quen de deter un xato a correr colléndoo polos cornos, da forza que tiña nos pulsos. Era un dos labregos máis xeitosos de Kinraddie, e podía capar un becerro, domear un cabalo ou matar un porco nun virar das mans, ou azulexarche a casa ou cortarlle o cabelo aos pícaros ou cavar un pozo, e ao mesmo tempo íache dicindo que ía vir o socialismo e que se non viña ía haber unha crise terrible e habíamos volver todos ao salvaxismo, *Arre demo se non, meu home!*

Pero a xente dicía que máis ben tiña que empezar por socializar a señora Strachan, a que fora Kirsty Sinclair do Coto de Baixo, antes de poñerse con outra xente. Ela tiña boa lingua, segundo dicían, afiada como para cortar farrapos e capaz de escorrentar un xitano da porta, e se Chae non botaba ben en falta de cando en vez a súa cabana e unha negriña ben guapa de Sudáfrica, maldita cabana e maldita negriña tivera. Andara ao xornal no Coto de Baixo ao volver do estranxeiro e alí non tiñan máis que dúas fillas: Kirsty e Sarah, a que tocaba o órgano na igrexa. Ás dúas comezaba xa a pasarlles o sol pola porta, e tiñan boa falta dun home; Kirsty levara unha decepción grande, pois houbera un mozo doutor de Aberdeen que parecía que quería casar con ela, pero collera e deixáara de mala maneira e súa nai, a vella señora Sinclair, case tolea coa vergonza cando Kirsty lle contou a nova a todo chorar. Iso foi alá ao final da temporada, e a quen trouxo para o Coto de Baixo de xornaleiro o vello Sinclair senón a Chae Strachan, co sangue aínda quente de vivir neses lugares estranxeiros e os ollos á espreita da menor chiscadela? Pero así e todo non se daba moita présa para iniciar o cortexo e non facía máis que andar arredor de Kirsty coma unha denociña arredor dunha trampa cun anaco de carne dentro, sen saber se a carne merecía o risco; o tempo pasaba e abofé que había que facer algo. Así que unha noite despois de cearen todos na cociña e de que o vello Sinclair saíse botar un ollo ás cortes, a vella señora Sinclair levantárase e fixéralle un aceno a Kirsty e dixera *Bob, eu vou para*

a cama. Ti non has tardar en ir para a túa, non si, Kirsty? E Kirsty dixo *Non*, e dirixiulle unha mirada pícara a súa nai e alá marchou a vella para o seu cuarto, e despois Kirsty comezou a botarlle miradiñas e a coquetear con Chae, e el era un home de sangue bastante quente e estaban os dous sós e se cadra nun minuto el sería capaz de deitarse con ela alí mesmo na cociña, pero ela murmuroulle que non era seguro. Así que sacou as botas e ela sacou as súas e subiron as escaleiras ás agochadas e foron para o cuarto de Kirsty e estaban a gozaren xuntos cando pum!, se abriu a porta e alá entrou a vella señora Sinclair, coa candea nunha man e a outra levantada nun xesto de horror. *Ai, non, dixo, isto non pode ser, Chakie, meu fillo, vas ter que casar con ela.* E o Chae, pobre home, non tivo escapatoria, con Kirsty e mais súa nai a fitaren as dúas para el. Así que casaron e o vello Sinclair, que tiña algo de prata aforrada, arrendou a Penela de Peesie para Chae e para Kirsty, e encheulles a facenda, e alá se instalaron, e a crianza de Kirsty, que foi unha meniña, naceu antes de pasar sete meses, ben grandíña e formada, ao parecer, a pesar de que súa nai xuraba que fora bastante prematura.


Despois diso tiveron dúas crianzas máis, dous homiños, e ambos os dous cuspidiños a Chae; estes eran os pícaros que cantaban o da vaca de Turriff cada vez que vían o fermoso carro de Ellison pola estrada de Kinraddie adiante, e abofé que daban ben con que rir.

Xusto en fronte da Penela de Peesie, do outro lado da estrada principal, a terra ascendía vermella e arxilosa, e unha estrada de pedra basta subía serpeando até o casal de Blawearie. *En saíndo do mundo éntrase en Blawearie*, dicían en Kinraddie, e abofé que era unha terra ruda e solitaria alá enriba, na aba, cincuenta e seis acres dela, a maiores da carroucheira que seguía pola aba até moito máis arriba de Blawearie, até a gran chaira que coroaba o

Canción de solpor

outeiro onde había unha lagoa na que aniñaban as cerretas por centos; e había quen dicía que non tiña fondo, a lagoa, e Rob o Longo, o do Muíño, dicía que era como as profundidades da depravación dun crego. Era un comentario feo para calquera ministro, aínda que Rob dicía que era un comentario ben feo para calquera lagoa, pero alí estaba a poza de auga, unha triste masa escura cun fedorento reberete de xuncos e espadanas; e os chíos das cerretas abouxábano a un se ficaba alí no serán. E pouca xente o facía, pois perto da lagoa había un círculo de pedras dos tempos antigos; algunhas estaban dereitas e algunhas estaban no chan, e algunhas inclinábanse para un lado ou para o outro, e no medio e medio saían tres grandes da terra e alzábanse, medio tortas, e coas súas caras planas e fortes parecían escoitar e agardar. Eran pedras druídicas e a xente dicía que os druídas eran díaños de homes dos tempos de moi atrás que subían alá arriba e cantaban as súas horribles cancións arredor das pedras, e que se batían cun pobre misioneiro cristián, lle arrincaban as tripas nada máis velo. E Rob o Longo do Muíño dicía que o que lle facía falta a Escocia era que volvesen os druídas, pero iso non era máis que unha fala del, pois debían de ser un pobo moi ignorante e nada espelido.

Blawearie levaba sen inquilino perto dun ano, pero agora viña un en camiño, segundo dicían, un tal John Guthrie que viña do norte. Os alpendres erguíanse, xeitosos e compactos, dun lado do curral, coa esterqueira detrás, e do outro lado estaba a casa, unha casa ben aquelada para un casal pequeno, con tres andares, unha boa cociña e bastante anaco de horta entre a casa e a estrada de Blawearie. Había alí tres faias, tres: unha estaba pegada á casa, e no verán as sebes do xardín poñíanse tan fermosas de chuchameles como non se dan visto en ningures; e se se puidese vivir do recendo dos chuchameles, habíanselle poder sacar boas ganancias a aquel eido.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRE-
LO O 14 DE SETEMBRO DE 2018,
NO TEMPO DA COLLEITA EN
BLAWEARIE